

## **BASES DE PARTICIPACIÓN NO CERTAME “AMADEUS ARTE E VIÑO 2024”**

### **DESCRICIÓN**

Bodega Viña Costeira convoca o certame “Amadeus Arte e Viño”, un certame de arte para a creación da imaxe da botella da vindeira colleita de Amadeus San Cibrao Treixadura.

Este certame está destinado a promocionar a arte e a cultura do viño, plasmando no vidro da botella desta marca unha obra orixinal.

### **HISTORIA DO VIÑO AMADEUS**

Amadeus San Cibrao Treixadura é un viño da Bodega Viña Costeira que leva vinculado a arte dende a súa creación en 1990. Numerosos artistas galegos desenvolveron a imaxe deste viño en cada unha das súas colleitas. Nomes como Laxeiro, Lodeiro, Jorge Castillo, Vidal Souto, Díaz Pardo, Moncho Borrajo, Godoy, Virxilio e Alexandro están vencellados á evolución desta marca.

A técnica que se emprega na reprodución das obras na botella é a de **serigrafía vitrificada a alta temperatura**, é dicir, a obra imprímese no corpo da botella (fuste), deixando espazo para a etiqueta de papel identificadora que non varía en cada unha das edicións, nesta etiqueta sinálase o nome da marca (Amadeus San Cibrao) e a variedade de uva (treixadura).

### **PARTICIPANTES**

Poderán participar neste certame calquera persoa física (+18) ou xurídica sen máis limitación que as impostas pola legalidade vixente.

### **DESEÑOS**

Cada participante poderá presentar un máximo de tres deseños, que deberán ser orixinais e inéditos.

Poden ser realizados con calquera técnica pictórica, fotográfica ou dixital. O tema será libre e deberá adaptarse ás especificacións técnicas do deseño na botella (ANEXO 1) que inclúen os seguintes puntos:

1. Deberá ser un deseño continuo, debido a que a impresión do mesmo na botella non establecerá diferenza entre a parte frontal e a contra.
2. Deberá adaptarse á presenza da etiqueta de papel na botella (enunciada no punto anterior das bases). É dicir, o deseño aportado polo participante debe ter en conta que existirá unha etiqueta identificativa do viño coa que o deseño terá que convivir.
3. A adega resérvase o dereito de adaptación da obra orixinal ás necesidades técnicas de impresión serigráfica na botella.

Bodega Viña Costeira porá á disposición dos deseñadores imaxes das anteriores edicións de Amadeus San Cibrao Treixadura. Estarán dispoñibles en: [www.costeira.wine/certameamadeus](http://www.costeira.wine/certameamadeus)

## PRESENTACIÓN

Para inscribirte como participante, deberás rexistrarte no seguinte enlace recheando o formulario cos teus datos: [www.costeira.wine/certameamadeus](http://www.costeira.wine/certameamadeus).

- **OBRAS DIXITAIS:**

No caso de presentar unha obra **dixital**: cubre o formulario, selecciona “obra dixital” e adxunta o ANEXO 2 xunto coa túa obra ou obras. Se sobrepasas o peso máximo, escríbenos a [marketing@costeira.es](mailto:marketing@costeira.es)

A obra dixital, por un lado, deberá ser plasmada na plantilla facilitada e, polo outro, enviarase o deseño en alta resolución en formato PDF, PNG ou JPG, ademais da súa versión editable en Adobe Photoshop (PSD) ou Adobe Illustrator (AI).

- **OBRAS FÍSICAS**

No caso de participar cunha obra en **formato físico**: cubre o formulario, selecciona “obra física” e adxunta o ANEXO 2. Procede a enviar o teu deseño xunto cunha copia do ANEXO 2 á seguinte dirección antes das 14:00 horas do día 29 de agosto de 2024:

Certame Amadeus e Viño  
Adegas Viña Costeira  
Valdepereira, 1  
Ribadavia, 32418  
Teléfono: 988477210

As obras físicas poderán ser enviadas no soporte no que fora deseñado orixinalmente (lenzo, lámina, cartón...) e empregando calquera das técnicas pictóricas (óleo, acuarela, guasch, pastel...) O tamaño mínimo para o envío destes orixinais é de 50 x 70 cm.

En ambos métodos de presentación, lembra incluír o ANEXO 2 cos seguintes datos:

1. Nome e apelidos do autor/a
2. DNI ou NIE
3. Dirección
4. Teléfono
5. Correo electrónico

Os envíos internacionais deben especificar no paquete: Sin valor comercial / Para uso cultural.

## LUGAR E PRAZO

O prazo para inscribirse no II Certame Amadeus & Viño remata o 30 de agosto de 2024.

**Obras orixinais en formato físico:** Serán admitidos por correo todos aqueles traballos que foran selados nas oficinas de Correos do remitente antes das 14 horas do día 29 de agosto de 2024.

Certame Amadeus e Viño

Adega Viña Costeira

Valdepereira 1

Ribadavia, 32418

Teléfono: 988477210

## **Obras orixinais en formato dixital:**

Adxuntaranse no formulario de inscrición do Certame Amadeus Arte e Viño, que está dispoñible en [www.costeira.wine/certameamadeus](http://www.costeira.wine/certameamadeus), antes das 14 horas do día 30 de agosto de 2024.

## CONDICIÓNS

A obra gañadora e tódolos seus dereitos pasarán a ser propiedade de Viña Costeira S.C.G. A bodega resérvase o dereito de reprodución da obra en calquera dos seus formatos, citando ao autor e o ano de presentación.

Tódolos orixinais NON premiados pasarán a ser propiedade de Viña Costeira e a formar parte do arquivo do certame “Amadeus Arte e Viño” de Viña Costeira. As obras presentadas poderán ser expostas por Viña Costeira.

A bodega resérvase o dereito de reprodución de calquera obra non retirada en calquera dos seus formatos, citando ao autor e o ano de presentación.

## **XURADO**

O xurado do certame “Amadeus Arte e Viño 2024” estará composto por diferentes personalidades do ámbito cultural e académico de Galicia, representantes institucionais e da bodega Viña Costeira.

A decisión do xurado será inapelable y a él lle corresponderá resolver calquera circunstancia non prevista nestas bases.

## **PREMIOS**

Bodega Viña Costeira concederá:

1º PREMIO, dotado con 5.000 euros.

O xurado poderá declarar deserto o premio. Neste caso, o importe correspondente doarase a unha entidade que, a criterio do xurado, destaque en Galicia pola súa labor social ou cultural.

## **ENTREGA DE PREMIOS**

A comunicación da decisión do xurado notificarase aos autores e farase pública nun acto a celebrar antes do 30 de novembro de 2024, e en [www.costeira.wine](http://www.costeira.wine). Para máis información, poden contactar con Bodega Viña Costeira, S.C.G.

Teléfono: +34 988 47 72 10

E-mail: [info@costeira.es](mailto:info@costeira.es)

Coa saída da nova añada, todos os participantes do Certame Amadeus & Viño recibirán, na dirección facilitada na súa inscrición, unha mostra deste novo viño co deseño gañador.

## **CLÁUSULA RXPD**

Dacordo co establecido no REGLAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 27 de abril do 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se deroga á Directiva 95/46/CE (Reglamento xeral da protección de datos), informamos de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é VIÑA COSTEIRA S.C.G. con domicilio social en Valdepereira s/n Ribadavia 32415 (Ourense). A finalidade deste ficheiro é levar a cabo

a xestión de datos de participantes no certame que organiza a empresa. Informámoslle de que os seus datos poderán ser cedidos aos medios de comunicación coa finalidade de dar a coñecer aos participantes e gañadores do certame organizado. Se o desexa poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito á dirección sinalada, axuntando una fotocopia do seu DNI.